



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas que é preciso acometer para a mellora da seguranza viaria na PO-531 (Curro-Pontevedra).

Os e as veciñ@s das poboacións situadas ao longo da PO-531 entre Curro e Pontevedra levan anos demandando melloras nesta estrada, e que se tomen medidas por parte da Xunta de Galiza, titular da vía, para garantir a seguridade vial na mesma.

Este vial soporta unha moi alta densidade de tráfico viario, máis de 17.000 vehículos ao día, dos cales arredor de 1.500 corresponde a tráfico pesado. Pese a discorrer por unha zona con numerosos núcleos de poboación densamente poboados, non dispón de zonas seguras para cruzar o mesmo, nin beiravías para o tránsito de peóns con unha mínima seguridade, como consecuencia do cal o número de accidentes que se producen é moi elevado.

Este é un dos viais de maior intensidade de tráfico de Galiza, é a principal vía libre de peaxe entre Vilagarcía e Pontevedra, e este tramo tamén é usado polos vehículos que se desprazan a Pontevedra desde O Grove, Sanxenxo, Meaño, Cambados ou Meis pola vía rápida do Salnés e logo non se incorporan á autoestrada de peaxe. A gratuidade da AP-9 entre Curro e Pontevedra desviaría moito do tráfico deste vial á autoestrada e polo tanto rebaixaríase moito o nivel de risco e perigosidade.

Estes veciñ@s ven con preocupación como o proxecto previsto desde hai anos para mellorar a PO-531 non se dá executado, e ademais o Partido Popular leva utilizando



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

diferentes manobras de dilación como a necesidade de revisión do proxecto ou a introdución de modificacións. Múltiples promesas, a día de hoxe non cumpridas, acordos plenarios, sempre a instancia do BNG, aprobados por unanimidade no Concello de Barro, non atendidos pola Xunta de Galiza. Por toda actuación realizouse este verán un mal bacheado parcial que non responde nin moito menos ás actuacións que precisa o vial para garantir a seguridade dos vehículos e @s peóns que transitan polo mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Executar o proxecto previsto, e acordado c@os veciñ@s, de mellora PO-531 no tramo Curro-Pontevedra.

-En tanto este non se realice, realizar de xeito inmediato aquelas partes do proxecto tendentes a garantir a seguridade da circulación dos vehículos e d@s peóns, para evitar os continuos accidentes de tráfico.

-Facer as actuacións precisas para librar de peaxe o tramo da AP-9 entre Curro e Pontevedra, no menor prazo de tempo posíbel.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2014 18:35:54

Ana Belén Pontón Mondelo na data 29/09/2014 18:36:01